

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 2 de maio de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Antonio Coello Bufill

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D^a. Lucía Molares Pérez
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día dous de maio de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. López-Chaves Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(408).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 13 de marzo de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(409).- SUBVENCIÓN DE 3.000 € Á ASOCIACIÓN “CONCEPCIÓN ARENAL” PARA AXUDA DE ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS, DE FORMACIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER. EXPTE. 2980/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12.04.06, e de acordo co informe-proposta do xefe de relacións públicas e protocolo, do 20.03.06, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder á Asociación Concepción Arenal unha subvención por unha contía de 3.000 € en concepto de axuda para a organización de actividades educativas, de formación e promoción da muller

para o ano 2006, e isto con cargo á partida 1110 4890002 (Subvencións por razóns humanitarias, e sociais) ou no seu defecto con cargo á bolsa xurídica de vinculación.

3(410).- DAR CONTA DOS ACORDOS ENTRE A SECRETARÍA DO ESTADO DE INFRAESTRUCTURAS E PLANIFICACIÓN DO MINISTERIO DE FOMENTO, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO EN RELACIÓN CO ACCESO NORTE DO EIXO ATLÁNTICO DE ALTA VELOCIDADE Á CIDADE DE VIGO.

Seguidamente dáse conta do asunto de referencia, que di como se transcribe:

ACORDOS ACADADOS ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE INFRAESTRUCTURAS E PLANIFICACIÓN DO MINISTERIO DE FOMENTO, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO EN RELACIÓN CO ACCESO NORTE DO EIXO ATLÁNTICO DE ALTA VELOCIDADE Á CIDADE DE VIGO.

Na reunión realizada en Madrid o día 3 de marzo de 2006 para analizar a integración do Eixo Atlántico de alta velocidade no seu acceso a Vigo, o secretario de Estado de Infraestructuras e Planificación do Ministerio de Fomento, a conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e a alcaldesa de Vigo, adoptaron os seguintes

ACORDOS

1.- *O trazado do acceso ferroviario (que se recolle no plano adxunto) discorrerá próximo á autopista AP-9, adaptando o seu perfil lonxitudinal en determinados tramos, para permitir unha adecuada permeabilidade e integración no entorno urbán.*

A solución adoptada afecta a unha lonxitude de 2,4 km a partir da estación e inclúe como elementos máis significativos os seguintes:

- Construcción dun novo viaducto sobre o nó viario de Isaac Peral (P.K. 0/700), de canto reducido e vía en placa, e remodelación parcial de dito nó. Esta actuación permitirá baixar a cota actual do ferrocarril nuns 5 m e rebaixar a traza ferroviaria nos tramos contiguos paralelos á autopista (P.K. 0/700 a P.K. 1/400) o suficiente para permitir o seu cubrimento e a construción dun vial superior ao ferrocarril á cota das rúas existentes.*
- Modificación en planta do trazado ferroviario na zona de Frián (P.K. 1/500 a P.K. 2/000), de xeito que se sitúe contigua e á mesma cota da autoestrada, facendo posible a mellora da permeabilidade transversal.*
- Modificación en planta do trazado ferroviario na zona de Buenos Aires (P.K. 2/000 a P.K. 2/300), separándoo da autoestrada AP-9.*
- A Estación Vigo-Urzaiz, será remodelada de acordo coas liñas xerais contidas no anteproxecto elaborado por ADIF dentro do programa VIALIA, quedando deprimida nuns 4/5 metros con respecto á cota actual.*

2.- Esta solución de trazado en planta e en alzado, permite unha adecuada funcionalidade ferroviaria, así como unha correcta integración no entorno urbano, e garante plenamente a viabilidade da execución da Saída Sur ferroviaria de Vigo. A estación de Vigo-Urzaiz quedará como estación pasante, trasladándose os actuais talleres e outras intalacións non necesarias para a súa nova configuración a un novo emprazamento. Como opción definitiva para este traslado se estudiará, preferentemente, a súa ubicación xunto á Saída Sur.

Para levar a cabo esta solución, se require a interrupción do tráfico ferroviario durante un período estimado de 10-12 meses, tempo necesario para o rebaixe da plataforma ferroviaria na zona de Meste Chané e Montecelo.

3.- As tres Administracións consideran do maior interese dotar das máximas posibilidades de intermodalidade á futura estación de Vigo, e moi especialmente facilitar unhas adecuadas conexións co transporte público urbán, metropolitano e rexional. Neste sentido, a solución final permitirá unha adecuada localización e operatividade do tráfico de autobuses, así como a súa correcta conexión coa estación ferroviaria remodelada e coa rede viaria.

4.- A financiación destas actuacións realizarase de acordo cos seguintes principios:

- Ministerio de Fomento aportará as inversións ferroviarias correspondentes á solución prevista no estudio informativo “Eixo Atlántico de Alta Velocidade. Tramo: Vigo-Pontevedra”, así como os solos actualmente adscritos ao uso ferroviario, que non sexan necesarios unha vez remodeladas as intalacións ferroviarias en Vigo.
- Así mesmo, o Ministerio de Fomento, a través do Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) financiará a remodelación da estación Vigo-Urzaiz en base aos aproveitamentos comerciais incluídos no proxecto VIALIA e recollidos no planeamento urbano municipal.
- Concello de Vigo aportará libres de cargas os terreos necesarios para a execución do trazado ferroviario, nos tramos en que discorre en variante respecto á liña actual.
- A Xunta de Galicia financiará as instalacións para os autobuses, a excepción dos elementos comúns que poidan compartirse coa estación ferroviaria.
- Os custos xerados polas actuacións de integración financiaranse mediante os aproveitamentos urbanísticos que se otorguen polo Concello de Vigo e a Xunta de Galicia sobre solos aportados polo Ministerio de Fomento.
- En caso de que os citados aproveitamentos urbanísticos non foran suficientes para cubrir os custos derivados da integración urbana, a diferenza será financiada a partes iguais pola Xunta de Galicia e o Concello de Vigo.

5.- Os custos xerados pola integración urbana comprenden todos os necesarios para a execución do trazado descrito no punto 1, unha vez descontadas as inversións correspondentes ás necesidades ferroviarias. En calquera caso, estes custos comprenderán:

- Os derivados dos cambios do trazado en planta e en alzado en relación co contemplado no Estudio Informativo “Eixo Atlántico de Alta Velocidade. Tramo: Vigo-Pontevedra”.
- A parte imputable á integración urbana do traslado provisional dos talleres e outras instalacións actualmente situadas no recinto da Estación de Vigo-Urzaiz, así como o seu traslado á súa ubicación definitiva.
- O traslado e a execución das instalacións provisionais que sexan precisas durante a suspensión temporal do servizo na estación de Vigo-Urzaiz como consecuencia da realización das obras.

- *As conexións viarias necesarias para dar operatividade á estación intermodal.*

6.- *A definición da operación de integración ferroviaria, os aspectos técnicos de detalle, os aproveitamentos urbanísticos e a estimación dos custes totais da operación, serán analizados por unha Comisión técnica na que estarán representadas as tres Administracións afectadas.*

7.- *Unha vez estean definidos coa precisión necesaria os custes da actuación e os aproveitamentos urbanísticos, as tres Administracións subscribirán un protocolo onde se desenvolvan e concreten os acordos presentes.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(410).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 1427/301, 1492/301, 22/1652.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Carmen Martínez Bonome. Expte. 22/1652.
- D^a. María Pardavila Martínez. Expte. 02/1492.
- D^a. Hortensia Miguel Riveiro. Expte. 1427/12.

5(411).- SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN MARCO PARA CUBRIR OS GASTOS CORRENTES ORIXINADOS POLO FUNCIONAMENTO E AS ACTIVIDADES DO MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO-ANO 2006. EXPTE. 9553/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 17.04.06, conformado polo concelleiro-delegado de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar á Fundación MARCO, CIF G36909885, unha subvención de 765.000 € (setecentos sesenta e cinco mil euros), con cargo á partida 4510.489.00.03 “Aportación á Fundación MARCO” do actual presuposto municipal prorrogado no ano en curso, como cota do Concello para cubrilos gastos correntes orixinados polo funcionamento e as actividades do Museo de Arte Contemporánea de Vigo durante o ano 2006.

2º.- A xestión da subvención á Fundación Marco harmonizarase coas condicións establecidas para a subvención de outras fundacións impulsadas polo Concello de Vigo.

1.- Forma de pagamento:

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á Fundación Marco do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento no ano 2006, a través de transferencia bancaria á conta 2080-0000-78-0040277917, do seguinte xeito:

- a) unha primeira parte, por importe de 255.000 € trala aprobación da achega do Concello de Vigo ao MARCO para o ano 2006.
- b) unha segunda achega, por importe de 255.000 € antes do 30 de xullo de 2006.
- c) e unha terceira parte, por importe de 255.000 € en novembro de 2006.

2.- Documentación para tramitalos pagamentos:

Para cada unha das achegas:

- a) Solicitud de pagamento de cada unha das partes da subvención (presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo).
- b) Informe sobre actividades realizadas e sobre funcionamento da Fundación relativo a cada un dos períodos antes citados.

Para o trámite da segunda achega:

Ademais do sinalado no párrafo anterior, deberá acreditarse a achega da documentación prevista no artigo 31, apartados 3 e 4 dos Estatutos da Fundación Marco relativo á liquidación do orzamento ordinario, situación patrimonial da entidade, etc.

Liquidación da subvención:

Para a liquidación do último pagamento da subvención presentarase a seguinte documentación antes do 30 de outubro de 2006:

- a) Solicitud polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Marco, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes a cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Relación definitiva de ingresos e gastos
 - Detalle do balance económico das actividades e funcionamento.

Con cada solicitud de pagamento a Fundación Marco presentará dez exemplares do material que edite ou produza de cada unha das actividades. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, este extremo. No caso de que a actividade programada dispoña

de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por unha entidade distinta ao Marco, o Museo achegará tres exemplares a Concellaría de Cultura.

A liquidación do pagamento da subvención está condicionada á conformidade da aprobación das memorias por parte do Concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, despois dos informes técnicos necesarios.

6(412).- SOLICITUDE DO C.C. RÍA DE VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A CARREIRA CICLISTA “7º TROFEO CONCELLO DE REDONDELA DE CICLISMO JUNIOR”, O 7.05.06 NAS RÚAS PERTENCENTES AO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6127/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.04.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o C.C. Ría de Vigo a realizar o vindeiro día 7 de maio de 2006, a partir das 10:20 h., a carreira ciclista denominada 7º Trofeo Concello de Redondela de Ciclismo Junior, polas rúas pertencentes o termo municipal de Vigo.

7(413).- SOLICITUDE DO APAS DE CEIP IGREXA VALLADARES E IGREXA INFANTIL DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O “CROSS ESCOLAR IGREXA VALLADARES” O DÍA 7.05.06 NO CAMPO DE FÚTBOL DA GÁNDARA. EXPTE. 6128/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 17.04.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar as APAS do CEIP Igrexa Valladares e Igrexa Infantil a organizar o vindeiro día 7 de maio de 2006 a proba deportiva denominada “Cross Escolar Igrexa Valladares”, que está previsto que se desenvolva no campo de fútbol da Gándara e arredores, entre as 09:30 e as 13:30 h.

8(414).- SOLICITUDE DO C.C. VIGUÉS DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A “CARREIRA INAUGURAL DO CIRCUÍTO DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA CICLISTAS DAS CATEGORÍAS ELITE E SUB 23” O DÍA 13.05.06. EXPTE. 6129/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.04.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o C.C. Vigués a organizar o vindeiro día 13 de maio de 2006 a carreira inaugural do Circuito Deputación de Pontevedra para ciclistas das categorías Elite e Sub 23 polas estradas pertencentes o termo municipal de Vigo, que figuran neste informe, entre as 16:00 h. e as 19:00 h.

9(415).- SOLICITUDE DE D^a. ELIA RODRÍGUEZ RIVAS DE DESAFECTACIÓN DUN TRAMO DO CAMIÑO DA DEVESA-SAN XOAN DO MONTE EN TEIS AO USO PÚBLICO MUNICIPAL. EXPTE. 17323/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 17.04.06, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio de las administracions Públicas (LPAAPP).
- L30/1992 de 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracions Publicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 24 xullo de 1889 do Codigo Civil (CC).
- L 4/1994 de 14 de setembro de Estradas de Galicia (LEG)
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Reximen Local (TRRL)
- RD 2568/1986 dde 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Reximen Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Dña. Elia Rodriguez Rivas, mediante escrito con entrada no rexistro xeral do concello en data 7.06.2005 solicita a desafectación dun tramo do camiño da Devesa-SanXoan do Monte en Teis o considerar que non se trata dunha dunha via pública.

SEGUNDO.- Na instrucción do expediente foron levados a cabo os trámites procedimentais procedentes e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos e servicios municipais competentes nas diversas materias que poideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os Organos competentes desta Administración.

TERCEIRO.- Así mesmo, outorgouse tramite de audiencia a A.VV San Xoan e o propietario colindante, na sua condición de interesado no procedemento como titular de dereitos que poideranse ver afectados pola solicitude de desafectacion plantexada pola reclamante, constando a formulación Ramón Varela Vazquez e o Presidente da A. VV, en data 22.02.2006 e 16.02.2006, respectivamente na que opoñense a desafectación do tramo interesado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O camiño obxecto do presente expediente de rectificación, consta incluído no Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario en data 04-05-1993, no epígrafe I- Inmobles-Vías Públicas e reflectido na planimetría de viais de dito Inventario municipal.

SEGUNDO.- O Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello foi aprobado definitivamente por acordo Plenario de data 4 de maio de 1.993, e con referencia ó 31 de decembro de 1.991, datando a súa aprobación inicial acordada polo Pleno Municipal o 19/12/1.992, e habendo sido sometido a información pública polo prazo regulamentario para coñecemento e formulación de todas aquelas alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses poideran manifestar os administrados. E de reseñar que durante ese período de información pública non consta que se houbera formulado ningunha alegación en relación a inclusión no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente as vías públicas o camiño agora discutido, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do Inventario municipal, e do que resultou en consecuencia a consideración de tal vía como pública de titularidade municipal integrantes do patrimonio municipal da súa condición de bens de dominio público afectos ó uso público. Acordo Plenario da aprobación definitiva que deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e gozando da lexitimidade, validez e executividade que o noso Ordenamento Xurídico lle atribúe (Art. 56 e 57 da Lei 30/92 de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

TERCEIRO.- Os bens de dominio público veñen regulados no noso Ordenamento Xurídico, tanto na normativa xurídica de réximen local como en normas de dereito privado, e lexislación sectorial.

Así a Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de Réximen Local (modificada por Lei 11/99) dispón no Art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades

Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público os destinados a uso ou servizo público. Mesmo o Art. 80 sinala que os bens comunales e demais bens de dominio público son inalienables, inembargables e imprescriptibles. No mesmo senso pronúnciase a Ley 5/97 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia no Art. 263, concretando como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no R.D. 1.372/86 de 13 de xuño do Regulamento das Entidades Locais (Art. 2, 3 e 5).

Por outra banda o Código Civil igualmente configura como bens de uso público nas Provincias e Pobos os camiños provinciais ou veciñais, as prazas, rúas, fontes e augas públicas, paseos e obras públicas de servizos xerais, costeadas polos mesmos pobos ou provincias. Na Lexislación de estradas de Galicia (LEG) faise mención os camiños de servizo tanto os de titularidade dominical pública como os construídos por persoas ou entidades privadas, e a súa transición o uso público cando as circunstancias concurrentes nos camiños así o permita e o interese xeral o demande.

CUARTO.- Neste marco normativo sitúanse os medios e facultades de que se dispón para garantir a protección e defensa do patrimonio das Entidades Públicas na defensa do interese xeral o que serve. Entre elas resulta de relevancia a obriga que se impón ás Administracións Locais da formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, como se recolle na LALG no seu Art. 278, e no Art. 17 do RBEL, onde se preve que o inventario dos bens inmobles comprenderán as vías públicas cos datos necesarios para a súa individualización, límites, longura e anchura (Art. 20 g).

QUINTO.- O presente expediente de rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos ten como finalidade a determinación da correcta inclusión no epígrafe I de vías públicas do camiño en cuestión e en atención o seu uso público, ou pola contra non concorre dita condición de uso público e consecuentemente procedería a súa rectificación inventarial dando de baixa. Neste senso a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ó uso público en xeral e polo tanto dunha posesión pública por parte deste Concello, sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan plantexarse, ó súa competencia para seu coñecemento e resolución, sobre titularidades dominicais ou cuestións de propiedade, á xurisdicción civil como reiteradamente xa ven declarando a Xurisprudencia do Tribunal Supremo.

SEXTO.- Asi mesmo a Administración Local ten plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos dispoñendo igualmente da facultade da prescripción adquisitiva contemplada no noso ordenamento xurídico (art. 5 da LRBRL, art. 270 e 275 da LALG, arts. 8.4.c, 9, 14.1 do RBEL e art. 1940 e ss. do CC). O tempo da súa obriga na protección, defensa e reivindicación dos seus bens e dereitos sen que poida allanarse as demandas formuladas contra eles (art. 5, 68.1 da LRBRL, art. 270, 284.2, 285 da LALG, art. 220 ROFRXAL, e art. 9 e 73 do RBEL).

SETIMO.- Centrada a cuestión na afectación de dito camiño o seu destino o uso público, e na posesión pública e pacífica que esta Administración exerce sobre o mesmo, podese considerar que o tramo do camiño da Devesa obxecto do presente expediente figura como vía pública no Inventario municipal de bens e dereitos do ano 1993, estando atribuída pacificamente a este a condición de via de uso público afectos á rede viaria municipal e vencellada o uso común dos veciños como manifestase por estes nas alegacións formuladas o expediente, vindo reflectida asimesmo como via nos planos catastrais e conseguintemente como terreo alleo a parcela do reclamante.

A teor do exposto, non se aprecia a concorrencia de circunstancias que desvirtúen indubitablemente a aparencia de uso público e posesión municipal do devandito camiño, e consecuentemente a procedencia da rectificación do Inventario municipal de vias.

OITAVO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.f da LRBRL),

Por todo o anteriormente exposto propónse a Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“UNICO.- Desestima-la solicitude formulada por Dña. Elisa Rodríguez Rivas, non apreciarse concorrencia de circunstancias que motiven e xustifiquen a pretensión da desafectación o uso público municipal dun tramo do camiño da Devesa-Sanxoan na parroquia de Teis.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(416).-RECTIFICACIÓN DE ERRO GRÁFICO NA PLANIMETRÍA DE VIAIS DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, DO RAMAL DO CAMIÑO DE SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE. 263/244.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 18.04.06, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).*
- *L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).*
- *L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio de las administracions Públicas (LPAAPP).*
- *L30/1992 de 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracions Publicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*
- *RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).*
- *L 4/1994 de 14 de setembro de Estradas de Galicia (LEG)*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- D. Enrique Sanmartin Gomez solicita mediante escrito con entrada no rexistro xeral en data 24 de novembro de 2005 a desafectación do ramal 10 da rua San Paio en Navia, ó considerar, segundo a documentación aportada , que o mesmo é un camiño de servizo grafiado na folla 93 do Plano de Cominges dos anos 50 e na escritura de propiedade da sua finca.

SEGUNDO.- Na instrucción do expediente foron emitidos os seguintes informes por parte dos técnicos e servizos municipais:

- *A Oficina do Inventario Municipal de data 25.11.2005.*
- *Arquitecto da Unidade de Patrimonio, de data 13.01.2006.*
- *Topógrafo Municipal da Xerencia de Urbanismo, en data 09.03.2006.*

TERCEIRO.- Así mesmo, deuselle trámite de audiencia á Asociación de Veciños Emilio crespó san Pelaio de Navia e propietarios colindantes, na súa condición de interesados no expediente para a formulación de aquelas alegacións que tivesen por convintes, formulándose estas por parte de D. Oscar Mesias Caride en data 20.01.2006, na que manifesta non afectarlle a condición de público ou provado do camiño mentras manteñase o servizo a sua finca.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- O presente expediente de rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos ten como finalidade a determinación da correcta inclusión, no epígrafe I de vías públicas, do tramo do camiño en cuestión, en atención o seu uso público, ou pola contra, a pertinencia da rectificación inventarial interesada, e sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan plantexarse, ó ser competencia para seu coñecemento e resolución á xurisdicción civil como reiteradamente ven declarando a xurisprudencia do Tribunal Supremo.

SEGUNDO.- Dos informes emitidos no expediente, polo arquitecto de Patrimonio e a Oficina do Inventario, despréndese que o ramal da Rua san Paio obxecto de solicitude pola propiedade interesada, non concorda nos seus datos co que consta na ficha de características técnicas do inventario municipal, con ningún ramal dos grafiados

na planimetría das vías públicas, chegando o arquitecto de patrimonio a conclusión de que poidera ter o R-10 un erro na súa grafía e outro na numeración da propiedade na que remata, si ben o non atoparose afectado polas alineacións de viais do Plan Xeral vixente, poidera procederse a súa desafectación total. Asimesmo, o topógrafo municipal, ven a sinalar en relación a cartografía municipal escala 1/1000 de A.Cominges, que na mesma apréciase a existencia dunha servidumbre cara ás partes de atrás, se ben noutra posición a da actual, deducindo da documentación achegada o expediente que é un camiño de servizo debendose dar de baixa como de titularidade pública.

TERCEIRO.- A teor do informado dedúcese unha discordancia entre a realidade física e os antecedentes da planimetría municipal de viais, por unha banda entre os datos das fichas de características técnicas e a grafía das vías públicas do Inventario municipal aprobado por acordo plenario de data 4-5-93, e por outra na súa situación actual o discurrir por distinta zona da reflectida na planimetría dos anos 50. Nestas circunstancias os informes técnicos coinciden na procedencia da baixa do devandito ramal que figura grafiado como público na planimetría de vías municipais.

CUARTO.- Conseqüentemente, no presente caso resultaría de aplicación o disposto no art. 105.2 da Lei 30/92 RXAP-PAC conforme ó cal as Administracións públicas poderan rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar inicialmente a corrección material dun erro gráfico existente na planimetría de viais públicos do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a grafía, na folla cartográfica 12-30 ,do ramal do camiño de San Paio de Navia, con orixen no nº 64 e remate en finca particular, dacordo cos informes técnicos emitidos no expediente.

2º.- Somete-la rectificación a información pública durante o prazo de un mes, resultando aprobada definitivamente de non formularse alegacións.

3.- Dar traslado do presente acordo o Pleno Municipal para o seu coñecemento e consideración na revisión anual do Inventario municipal de viais”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(417).- ALLEAMENTO DE PROPIEDAD MUNICIPAL SITA NA AVDA. DE HISPANIDADE A CASTRO GALICIA S.A. EXPTE. 13222/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 24.04.06, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

- L 33/2003 do 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)
- L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- O Pleno municipal en data 26 de abril de 2004 acordou o inicio dos trámites regulamentarios para o alleamento da parcela sobrante de titularidade municipal de 88 m2, procedente do extinto camiño de San Amaro, na rúa da Hispanidade desta cidade de Vigo.

SEGUNDO.- Polo servizo de cartografía, efectuouse en data 18.08.2004 informe da parcela e plano de planta da mesma, resultando coa seguinte descripción:

*Propiedade: Concello de Vigo.
Superficie: 88,00m2.
Lindeiros: N.- Castro Galicia SA.
 S.- Edificio nº 98 da Rúa Hispanidade.
 L.- Rúa Hispanidade.
 O.- Camiño San Amaro (UE I-01 Villa Laura)*

TERCEIRO.- O Pleno Municipal en acordo de 29.11.2004 aprobou a rectificación do IMBD dando de baixa o tramo do camiño de San Amaro entre a Vía Hispanidade e a Rúa Zaragoza, e asimesmo o Alta no epigrafe 1 Inmóbeis, baixo o num. de propiedade 003198 a parcela sobrante de 88 m2 da Rúa San Amaro obxecto do presente Expediente de alleamento.

CUARTO.- Na instrucción do expediente efectuaronse os seguintes tramites:

- *Informe valoración das parcela efectuado en data 11.02.2005 polo arquitecto municipal de patrimonio, estimando en 52.000 € o valor do aproveitamento do terreo baixo rasante.*
- *Trámite de audiencia á Comunidade de propietarios do edificio nº 98 da Vía Hispanidade, na súa condición de colindancia coa municipal, coa finalidade do seu personamento e formulación de alegacións na defensa dos seus dereitos, consonte o art. 115 do RBEL, sen que conste a formulación de alegación algunha.*
- *Alegacións de Castro Galicia S.A. de data 6.5.2005, en trámite de audiencia conferido aao efecto, e polo que solicita a improcedencia da valoración económica que lle foi notificada.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O Concello de Vigo é propietario dunha parcela calificada como patrimonial, sobrante de vía pública, sita no camiño de San Amaro, co num. 003198 do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, e inscrita no Rexistro de Propiedade num 5 dos de Vigo, finca nº 78.076, tomo 1494, libro 1494, folio 70 insc.1º.

SEGUNDO.- Consonte o disposto no artigo 5 da LBRL as entidades locais teñen plena capacidade xurídica para a adquisición, posesión, reivindicación, permuta o enaxenación de toda clase de bens. A posibilidade de alleamento por venda directa de parcela sobrante a propietarios colindantes, está prevista no art. 115 do R.D. 1372/86 de Bens das Entidades Locais, dispoñendo o apartado 2º do devandito artigo que, no suposto de concorrencia de varios propietarios colindantes, a venda ou permuta farase de forma que as parcelas resultantes se axusten ao máis racional criterio de ordenación do solo segundo dictame técnico.

TERCEIRO.- A enaxenación dos inmóbeis require a previa depuración da situación física e xurídica do mesmo, practicándose o seu deslinde se foxe preciso e procedendo a súa inscrición no rexistro da propiedade. (art. 113 RBEL).

Ao efecto, no presente caso a parcela de titularidade municipal, consta inscrita no Inventario municipal de bens e dereitos do Concello e no Rexistro da Propiedade, tal e como queda reseñado nos antecedentes, constando da natureza xurídica de ben patrimonial, calificada como parcela sobrante, calificación outorgada por acordo do pleno de 26.04.2004 ao concordar nas súas características co concepto que delas contense no art. 7.2 do RBEL, “porcións de terreo propiedade das Entidades Locais que pola súa reducida extensión, forma irregular ou emprazamento, non foran susceptíbeis de uso axeitado”.e segundo o procedemento disposto no art. 7.3 e 8.2 do devandito regulamento.

No que atinxe ás características físicas, a súa superficie e delimitación resultan perfectamente descriptas e definidas nos informes e planos emitidos polos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo que constan no expediente.

CUARTO.- A sociedade solicitante reúne a condición de titular colindante coa parcela interesada (vento NORTE) segundo a documentación existente no expediente na que consta a adquisición por dita entidade mediante contrato de permuta outorgado xunto co Concello de Vigo e formalizado en escritura pública de 24.02.1999, autorizada polo notario D. Alvaro Moure Goyanes, baixo o nº329 do seu protocolo.

Se ben non ten a condición de único colindante, ao lindar a parcela polo vento sur coa Comunidade de propietarios nº98 da rúa Hispanidade, non personada no procedemento, deberase estimar, en calquera caso, a pertinencia do alleamento directo da parcela ao solicitante coa finalidade de dar cumprimento as determinación urbanísticas de aplicación, tal e como cabe deducir da instrucción do expediente e das circunstancias concorrentes que a motivan.

QUINTO.- En canto a valoración da parcela feita polo servizo técnico de Patrimonio, foi obxecto de alegación pola solicitante, considerando que a teor dos antecedentes da permuta asinada o 29.02.1999 entre o Concello e a entidade alegante, resulta improcedente o xiro do valor residual do subsolo o do seu aproveitamento, como plantexa o informe do Arquitecto de Patrimonio.

Centrada a controversia neses termos, procede as seguintes consideracións:

1º.- A teor da escritura pública de 29.02.1999, na que se ormalizou a permuta concertada polo concello coa sociedade alegante, cabe sinalar que a actual parcela sobrante, non consta entre as que foron obxecto de alleamento no contrato, resultando pola contra o Camiño de San Amaro, no tramo calificado como parcela sobrante na actualidade, colindante con unha das parcelas permutadas; a identificada como “Porción o Parcela B) dunha superficie de 1.503 m2.

Non obstante, do informado polo arquitecto municipal, despréndese que na valoración das parcelas municipais permutadas, a edificar a ámbolos lados da rúa Pintor Colmeiro, contéplase a posibilidade de voos en todo o seu perímetro así como o voo sobre o camiño de San Amaro.

2º.- Que o procedemento administrativo de alleamento seguido, ten por obxecto a transmisión da propiedade do inmóbel, entendida esta na súa conceptualización doutrinal como un todo, é dicir, non limitada o solo propiamente dito, senon comprensivo do voo e subsolo. Conseqüentemente, o dereito real de voo non se configura, no presente caso, como un dereito independente ou desglosado do de propiedade, senon como parte integrante deste.

3º.- Polo tanto, referenciada a valoración no seu día o dereito de voo sobre o inmóbel cuia propiedade agora allease, resulta procedente a valoración dos demais dereitos reais que xunto o voo a conforman, xa que como quedou sinalado, o procedemento de alleamento non se restrinxe a transmisión dese dereito de transcendencia real, de xeito independente ou de propiedade no que se integra, en cuio suposto sí daría lugar a un dereito real sobre cousa allea, como nun primer momento puidera ter acontecido de accederse á solicitude da interesada de data 12.05.2000 para edificar en voo sobre o tramo viario, senon que en tanto comprensivo da propiedade do inmóbel, do que é parte aquel, alcanza a superficie e o que está debaixo desta (art. 350 del C.C.).

SEXTO.- Resulta competente para a adopción do presente acordo de alleamento de parcela sobrante por venda directa á colindantes, a Xunta de Goberno Local, dacordo coas atribucións que lle confire o art. 127.1.f da Lei 7/85 RBRL.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Allear por venda directa á Castro Galicia SA, na súa condición de propietario colindante, a parcela municipal nº003.198 de 88,00m², sita na Avda. da Hispanidade desta cidade, e cos seguintes lindeiros: N.- Castro Galicia SA.; S.- Edificio nº 98 da Rúa Hispanidade; L.- Rúa Hispanidade.; O.- Camiño San Amaro (UE I-01 Villa Laura).

2º.- O prezo do alleamento fíxase en 52.800,00 Euros (cincuenta e dos mil oitocentos Euros) mailo IVE por un importe de 8.448 Euros, resultando o prezo final (IVE incluído) en 61.248 euros (sesenta e un mil douscentos cuarenta e oito euros).

3º.- Efectuar a correspondente rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos dando de baixa a parcela municipal alleada correspondente á propiedade nº003198.

4º.- Tódolos gastos notariais, rexistrals, así como os impostos devengados por esta transmisión serán de conta do comprador.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(418).-DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes técnicos, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Devolver a SIELVIGO S.L. a fianza de 682,08 € constituída para responder da “subministración de material eléctrico lote VIII, centros de mando”, xa que foi recibido mediante acta de 8.03.04 conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1234/241.

b) Devolver a COVSA, CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS S.A.a fianza por importe de 1.660.-€ constituída para responder das “obras de pavimentación de diversas rúas” xa que foi recibido conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1235/241.

13(419).-AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “REMODELACIÓN DE BEIRARRÚAS E MELLORAS DA TRAVESÍA DE VIGO, 1ª FASE”. EXPTE. 44421/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais, do 24.04.06, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 9 de maio de 2005, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Remodelación de beirarrúas e mellora da Travesía de Vigo, Fase 1ª, expediente 44.421-250, por un importe de 790.829,23 _ (IVE engadido).

Con data 5 de setembro de 2005, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar a citada obra á empresa Indeza, S.L. por un prezo de contratación de 741.402, 40 _ (IVE engadido) e un prazo de execución de 4 meses a contar dende o día seguinte o da sinatura da Acta de Comprobación de Replanteo.

Con data 14 de novembro do 2005, asínase a “Acta de Comprobación do Replanteo” das obras, comenzándose éstas a continuación.

Con data 9 de decembro de 2005, por parte da Alcaldía, dictouse un Bando polo que se paralizaban as obras, entre os días 16 de decembro de 2005 e o 9 de xaneiro de 2006, co gallo das festas navideñas.

Con data 7 de abril de 2006, a empresa adjudicataria das obras solicita a concesión dunha ampliación de tres meses no prazo de execución de ditas obras.

O 17 de abril de 2006, o enxeñeiro director das obras, D. Sergio González Prada, informa que dadas as características das obras pola densidade de tráfico peonil na zona e o mesmo tempo o tráfico rodado que limita a ocupación da calzada ao estar case sempre conxestionada, procede acceder ao solicitado.

Por todo o anteriormente exposto, faise a Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Autorizar a ampliación no prazo de execución das obras de “Remodelación de beirarrúas e melloras da travesía de Vigo, 1ª Fase, en tres meses, polo que o mesmo o próximo 14 de xuño.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(420).-PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO PROXECTO DE REPARAICÓN XERAL DE BEIRARRÚAS. EXPTE. 60/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 17.04.06, conformado polo concelleiro do Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

A empresa constructora " SERCOYSA, Proyectos y Obras, S.A.", adxudataria das obras do Proxecto de Reparación Xeral de Beirarrúas no termo Municipal de Vigo, segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 28 de novembro de 2005, redactou con data 13-01-06 o Plan de Seguridade e Saude de dito proxecto, asinado pola Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais, Dna. Sonia Barreiro Quibén.

A empresa "Galai Control, Ingeniería de Calidades", contratada polo Concello de Vigo, segundo Resolución do Concelleiro do Área de Servizos Xerais de data , para a coordinación do Plan de Seguridade e Saude do mencionado proxecto, con data 09-03-06 informa favorablemente o Plan de Seguridade e Saude redactado por " SERCOYSA, Proyectos y Obras, S.A." para as obras do Proxecto de Reparación Xeral de Beirarrúas no termo Municipal de Vigo.

Polo exposto, este Servizo de Vías e Obras propón á Xunta de Goberno Local a seguinte. PROPOSTA:

Aprobar o Plan de sSeguridade e Saude elaborado por " SERCOYSA, Proyectos y Obras, S.A." e informado favorablemente por " Galai Control, Ingeniería de Calidades" para as obras do Proxecto de Reparación Xeral de Beirarrúas no termo Municipal de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(421).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE CARÁCTER XUVENIL DURANTE O ANO 2006. EXPTE. 1606/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 3.04.06, e de acordo co informe-proposta da Xefa do Servizo de Xuventude, do 21.03.06, conformado pola concelleira delegada da Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUCTOR FLEMING C.I.F. G 36709004, por importe de 13.074 € (TRECE MIL SETENTA E CATRO) euros para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2006, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.226.08.00.

2º.- Que se libre a cantidade de 6.537 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio , e o 50% restante (6.537 €) á finalización do mesmo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DINAMIZACIÓN XUVENIL DURANTE O ANO 2006”.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello a 2006

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Corina Porro Martinez, como alcaldesa e en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dn.José Ramón Mosquera Torres con D.N.I. 36.109.666 B, como presidente da ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, C.I.F G-.G-36.663.618

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN

O fomento do asociacionismo xuvenil é un dos exes de traballo da Concellería de Xuventude, co que se pretende potencia-la participación dos xoves, apoiando iniciativas das asociacións e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Así , entre os obxectivos a conquistar coa sinatura do presente convenio están:

- A dinamización do tecido asociativo.*
- Favorecer a consolidación e autonomía das asociacións.*
- Crear espazos de participación xuvenil*
- Colaborar cos axentes soais para conquistar unha política xuvenil global que dé resposta ós problemas e inxedanzas [d@s](#) xoves*
- Fomentar a participación e o asociacionismo xuvenil e favorecer a consolidación de iniciativas que den resposta á xuventude non asociada*
- Canalizar as propostas dos e das xoves hacia a Administración e hacia a propia sociedade.*
- Sensibilizar á opinión pública sobre os problemas específicos da xuventude.*
- Proporcionar os instrumentos que den resposta ás demandas dos e das xoves para o desenrrolo dos seus obxetivos tanto individuais como colectivos.*

Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING no barrio, así como o programa de actividades a desenvolver ata o mes de agosto do presente ano , consideramos apropiado a súa inclusión como entidade colaboradora no desenvolvemento de actividades de dinamización xuvenil destinadas aos xoves da zona de Hispanidade e inmediacións de Povisa.

A.- Que o Concello de Vigo, a través das Concellería de Xuventude ,e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa que figura no ANEXOII do presente convenio.

B.- Que a Asociación Veciñal Dr. Fleming, recoñece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera á citada asociación, como entidade óptima para a súa colaboración na execución dos proxectos presentados .

C.- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude viguesa.

CONVEÑEN

1.- A organización e desenvolvemento do programa que se incorpora a este convenio como ANEXO I dacordo coa memoria económica que se achega.

2 .- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, abonará a cantidade de 13.074 € (TRECE MIL SETENTA E CATRO)EUROS á Asociación Veciñal Dr. Fleming, con cargo á partida 4520.226.08.00, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 20800132190040014400 ,en dous prazos: 50% á sinatura do convenio e 50% restante ó remate do mesmo..

O persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargada do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

3.-A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR.FLEMING , deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias , así como a avaliación e a memoria económica da actividade, todo elo en disquete, formato word.

4.- A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, asume as seguintes obrigas:

a.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.

b.- Presentar no Concello os informes e documentación esixida na cláusula terceira e sexta do presente convenio .

c.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.

d.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

e.- Abor as taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .

f.- O sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o Concello.

5.- A entidade participante deberá amosar feacemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.

7.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.

8.- O presente convenio terá duración ata o 31 de decembro do 2006.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comenzo.

16(422).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO DE COIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE CARÁCTER XUVENIL DURANTE O ANO 2006. EXPTE. 1590/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.03.06, e de acordo co informe-proposta da Xefa do Servizo de Xuventude, do 20.03.06, conformado pola concelleira delegada da Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración que se achega, entre o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO, C.I.F G-36648186, por importe de 6.980 € (SEIS MIL NOVECIENTOS) EUROS para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2006, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.226.08.00.

2.- Que se libre a cantidade de 3.490 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio , e o 50% restante (3.490 €) á finalización do mesmo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DINAMIZACIÓN XUVENIL DURANTE O ANO 2006”.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello a 2006

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Corina Porro Martinez, como alcaldesa e en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dn. Ventura Pérez Vila D.N.I. 36.026.719 como presidente da Asociación Veciñal Camiño Vello, C.I.F G-.36648186 .

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN

O fomento do asociacionismo xuvenil é un dos exes de traballo da Concellería de Xuventude, co que se pretende potencia-la participación dos xoves, apoiando iniciativas das asociacións e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Así , entre os obxectivos a conquistar coa sinatura do presente convenio están:

- A dinamización do tecido asociativo.*

- Favorecer a consolidación e autonomía das asociacións.
- Crear espazos de participación xuvenil
- Colaborar cos axentes soais para conquistar unha política xuvenil global que dé resposta ós problemas e inxuedanzas [d@s](#) xoves
- Fomentar a participación e o asociacionismo xuvenil e favorecer a consolidación de iniciativas que den resposta á xuventude non asociada
- Canalizar as propostas dos e das xoves hacia a Administración e hacia a propia sociedade.
- Sensibilizar á opinión pública sobre os problemas específicos da xuventude.
- Proporcionar os instrumentos que den resposta ás demandas dos e das xoves para o desenrrolo dos seus obxetivos tanto individuais como colectivos.

Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO no barrio, así como o programa de actividades a desenvolver ata o mes de agosto do presente ano , consideramos apropiado a súa inclusión como entidade colaboradora no desenvolvemento de actividades de dinamización xuvenil destinadas aos xoves da zona de Coia.

A.- Que o **Concello de Vigo**, a través das Concellería de Xuventude ,e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa que figura no ANEXOII do presente convenio.

B.- Que a Asociación Veciñal Camiño Vello, reconece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera á citada asociación, como entidade óptima para a súa colaboración na execución dos proxectos presentados .

C- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude viguesa.

CONVEÑEN

1.- A organización e desenvolvemento do programa que se incorpora a este convenio como ANEXO I dacordo coa memoria económica que se achega.

2 .- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, abonará a cantidade de 6.980 € (SEIS MIL NOVECIENTOS OITENTA)EUROS á Asociación VeciñalCamiño Vello ,con cargo á partida 4520.226.08.00, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 20800132190040014400 ,en dous prazos: 50% á sinatura do convenio e 50% restante ó remate do mesmo..

O persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargada do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

3.-A ASOCIACIÓN VECIÑALCAMIÑO VELLO, deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias , así como a avaliación e a memoria económica da actividade, todo elo en disquete, formato word.

4.- A ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO, asume as seguintes obrigas:

- a.- *Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.*
- b.- *Presentar no Concello os informes e documentación esixida na cláusula terceira e sexta do presente convenio .*
- c.- *Asumi-las responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.*
- d.- *Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- e.- *Abor as taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .*
- f.- *O sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o Concello.*

5.- *A entidade participante deberá amosar feacemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.*

7.- *No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.*

8.- *O presente convenio terá duración ata o 31 de decembro do 2006.*

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comenzo.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

17(423).- BASES DO X CONCURSO DE CARTEIS “FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA”. EXPTE. 1882/335

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.04.06, e de acordo co informe-proposta da técnica de Festas e Animación Sociocultural, do 20.04.06, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases, que de seguido se transcriben correspondentes ó “X Concurso de carteis Festas do Cristo da Victoria 2006”.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 2.500 euros en concepto de premio do concurso, con cargo á partida 451.2.481.00.00 do programa presupostario de Festas e animación Sociocultural para o vixente exercicio.

PROPOSTA DE BASES “X CONCURSO DE CARTEIS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA”

1. *O obxecto deste concurso é seleccionar un cartel para empregar na difusión do programa das FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2006, que organiza a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo.*

Neste concurso poderán participar todas as persoas físicas ou xurídicas, e poderán presentar, cada unha delas, cantas obras desexen, coa condición indispensábel de seren inéditas.

2. *Os orixinais realizaranse verticalmente, en papel de 50 x 32 cm, e presentaranse suficientemente protexidos e montados sobre soporte ríxido e desmontábel, que permita a súa perfecta exposición. O soporte non poderá exceder en máis de 3 cm por cada lado ao orixinal. A técnica utilizada será libre dentro dos límites usuais para permitir unha normal reprodución fotomecánica.*

En caso de remitirse facturados, o Concello de Vigo non responderá de posíbeis desperfectos, nin extravíos, como tampouco da súa devolución.

Así mesmo, o Concello de Vigo non responderá dos posíbeis desperfectos ou danos que poidan sufrir os carteis como consecuencia do seu transporte, manipulación, montaxe e desmontaxe, en caso de realizarse algunha exposición deles (base núm 9). Por este motivo, recoméndase que os carteis se presenten en soporte de cartón, cartón-pluma ou similar, evitando na medida do posíbel o emprego de cristal, metacrilato, enmarcado, etc.

3. *Os orixinais, ademais do logotipo do Concello, Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, deberán incluír necesariamente os seguintes textos:*

** FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2006.*

** VIGO.*

** XULLO E AGOSTO.*

A Concellaría de Festas e Animación Sociocultural corraxirá os posíbeis erros dos textos que figuren nas obras, así como calquera modificación de datas ou doutro tipo que poidan xurdir.

Así mesmo, a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural resérvase a facultade de modificar ou substituír o logotipo que apareza no orixinal, así como de variar a súa localización na composición definitiva do cartel que se edite; así mesmo, resérvase a posibilidade de incluír os logotipos de entidades ou empresas colaboradoras.

4. *Unha vez aprobadas as bases do concurso, publicitaranse na páxina de información municipal da prensa local, antes da finalización do prazo de presentación dos carteis; así mesmo, as bases atoparanse a*

disposición do público no servizo de Información da lonxa do Concello, na web do Concello de Vigo e na propia Concellería de Festas.

5. *Os carteis presentaranse na Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo (Praza do Rei s/n; 36202 VIGO), en horario de 9 a 14 horas. O prazo de presentación será dende o día seguinte a data de aprobación das presentes bases pola Xunta de Goberno Local ata ás 14'00 horas do día 19 de maio. Non serán admitidos os carteis que se reciban no citado departamento con posterioridade á data e hora indicadas, calquera que sexa a causa do retraso.*
6. *Cando os traballos se presenten persoalmente, facilitarase un recibo que se poderá trocar no seu día polo traballo presentado. Os que se reciban facturados serán devoltos o seu autor/a, se así o solicita, unha vez verificado o concurso; todo isto sen prexuízo do previsto na base núm. 9. Os gastos de envío e devolución serán por conta dos concursantes.*

Transcorrido o prazo de 30 días naturais, contados dende a data de adxudicación do concurso, sen que os autores dos traballos non premiados os recollen, entenderase que renuncian a estes. Daquela, o Concello de Vigo poderá dispoñer libremente deles, sen recoñecer dereitos de reclamación ou indemnización de ningunha clase.

7. *Os carteis serán presentados sen sinatura do autor-a e baixo un lema, que estará escrito no dorso do cartel, acompañados dun sobre cerrado que porá no seu exterior o mesmo lema do cartel. No interior do sobre depositarase unha nota escrita a máquina ou rotulación adecuada, co nome e apelidos do autor-a, enderezo completo, un número de teléfono de contacto (imprescindíbel) e fotocopia do NIF ou CIF correspondente. O incumprimento dalgún destes aspectos poderá ser motivo de descalificación.*
8. *Establécense para este concurso un único premio de 2.500 Euros:*

O premio estará suxeito á normativa fiscal que proceda aplicar.

O premio poderá ser declarado deserto polo xurado do concurso. Caso de que o xurado estimase que ningún dos traballos presentados resulta adecuado para ser o cartel anunciador oficial das FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2006, o Concello de Vigo resolvería polos seus propios medios a edición do mencionado cartel.

9. *A obra gañadora, quedará en propiedade do Concello de Vigo; ademais, o/a autor/a cederalle ó Concello en exclusiva e irrevogabelmente, o dereito de impresión ou reprodución, total ou parcialmente, en calquera modalidade, tamaño ou soporte, así como a utilización da obra para a súa promoción publicitaria. Poderanse realizar as correspondentes modificacións ou transformacións para a súa adaptación a soportes, técnicas ou tamaños necesarios.*
10. *O Concello de Vigo resérvase o dereito de organizar exposicións públicas con todos ou parte dos carteis presentados ao concurso, en local, datas e horas que se determinarán. Neste suposto, os carteis deberán ser retirados polos propios autores ou persoas que os representen, no prazo de trinta días naturais seguintes ao da clausura da derradeira das exposicións. A selección das obras que se inclúan na exposición será realizada polo xurado do concurso.*

11. *A composición do xurado será a seguinte:*

*PRESIDENTE: O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural , ou persoa na que delegue.
VOCAIS: Tres persoas que designará o Concello de Vigo, relacionados co mundo das artes, da imaxe, dos medios de comunicación...
SECRETARIO: Un/a técnico/a de actividades culturais, con voz e sen voto.*

En caso de empate resolverá o voto de calidade do presidente do xurado.

12. *O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural está facultado para resolver as posíbeis eventualidades ou controversias que poidan xurdir, non previstas nestas bases.*

13. *A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases. A decisión do xurado é inapelábel.*

18(423).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta e dous minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELEIRO-SECRETARIO ACCTAL.
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Ignacio López-Chaves Castro.